

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE FAI PÚBLICA A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN QUE XULGARÁ OS MÉRITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES Á PRAZA 23/5006, DE PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR/A DA UDC.

ANTECEDENTES

1. Por Resolución Reitoral (RR) do 24.04.2023 a Universidade convoca un concurso para a contratación laboral de persoal docente, (prazas 23/5001 a 23/5017).
2. O 01.06.2023 publícase a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas das prazas 23/5001 a 23/5017) no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña (UDC).
1. 3.O 22.06.2023 publícase no TEO a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas do dito proceso xunto coa composición das comisións de selección encargadas de xulgar os concursos para a provisión de cada unha das prazas. A comisión da praza 23/5006 estaba integrada por :

Comisión Titular

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Martín Acero, Rafael	Catedrático/a de Universidade	245	Presidente
Dopico Calvo, Xurxo	Prof. Titular de Universidade	245	Secretario
López Alonso, Virginia	Prof. Axudante/a Doutor/a	245	Vogal 1º
Toja Reboredo, María Belén	Prof. do INEF de Galicia	245	Vogal 2º
Giráldez García, Manuel Avelino	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 3º
Arias Rodríguez, Pablo	Prof. Titular de Universidade.	245	Representante traballadores

Comisión Suplente

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Gómez Varela, Joaquín Fernando	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 1º
Iglesias Soler, Eliseo	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 2º
Del Castillo Obeso, María	Profesor/a do INEF de Galicia	245	Vogal 3º

3. O 30.06.2023 dona Yolanda Escalante González e Jose Miguel Saavedra García, presentan sendos escritos de recusación respecto da totalidade dos integrantes da comisión de selección da dita praza, alegando unha sospeita de parcialidade que se basea na actuación destes membros noutras prazas do mesmo departamento.
4. O 03.07.2023 constitúese a comisión de selección citada anteriormente e establece os criterios de valoración dos méritos das persoas aspirantes.
5. O 05.07.2023 dáselles trámite de audiencia aos recusados, en aplicación do artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
6. O 07.07.2023, recíbense os escritos remitidos polos membros da comisión nos que manifestan que neles non concorre causa ningunha de abstención/recusación, polo que o Reitor resolve desestimando a recusación formulada polos citados aspirantes.
7. O 10.07.2023 e o 12.07.2023, os precitados candidatos presentan sendos escritos solicitando: *“la publicación de los criterios con todos los coeficientes multiplicadores/baremos y demás criterios de baremación... y dado que los criterios específicos deben ser expuestos antes de conocer los CV de quienes concurren a las plazas, sea nombrada una nueva COMISIÓN DE SELECCIÓN...”*
8. O 27.07.2023 publícanse os criterios de avaliación desagregados.
9. O 09.08.2023, dona Yolanda Escalante Gonzalez e don Jose Miguel Saavedra García, aspirantes a dita praza, presentan cadanseu escrito no que solicitan: *“se aplique la Normativa sin devaluar ningún mérito, toda vez que se procedió a la publicación de*

Código Seguro De Verificación	R0fceyCsS6KrkDZCgzYXLw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal		Asinado	26/10/2023 14:23:07
Observacións			Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/R0fceyCsS6KrkDZCgzYXLw==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



critérios acordados por la Comisión, que en su juicio técnico no consideró necesario la aplicación de coeficientes o baremos, ni tan siquiera en aquellos puntos en los que la Normativa exigía o permitía. De este acuerdo se infiere que bajo juicio técnico no se vió la necesidad de diferenciar los méritos en función del Área o de la relevancia del mérito hasta después de consultados los CV..., que sea nombrada una nueva comisión de selección, habida cuenta que todos los miembros con voto de esa comisión ya son sobradamente conocedores de la normativa ..., que se me remita informe desfavorable del Representante de Trabajadores o votos particulares o cualquier otra que forme parte del expediente... e que se actúe de oficio y se abra expediente disciplinario al Presidente y Secretario de la Comisión ...”

10. O 14.09.2023 solíciáselles a cada unha das persoas integrantes da Comisión de Selección, unha declaración para que manifesten se accederon ou non aos méritos das persoas aspirantes con carácter previo ao establecemento dos derradeiros criterios de valoración. Tres das persoas integrantes da Comisión de Selección manifestan ter accedido á documentación das persoas candidatas e os restantes integrantes da comisión manifestan non se lembrar de ter accedido a ningún currículo das persoas aspirantes, pero, si á plataforma onde figuraba a documentación das mesmas cun único fin instrumental de comprobar o correcto funcionamento do enlace.

CONSIDERACIÓNS

O artigo 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de goberno do 30 de abril de 2014) establece que: “Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes...”

Aínda cando non se estimaran comprometidas nin a obxectividade nin a imparcialidade das persoas integrantes da Comisión de Selección da praza 23/5006, á vista da reiterada desconfianza amosada polas persoas participantes no proceso, para preservar a plena operatividade do mandato constitucional consonte ao que o acceso ao emprego público terá lugar de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade e, na súa consecuencia, para eliminar calquera dúbida que puiden albergar as persoas candidatas sobre a transparencia e obxectividade deste proceso.

Por todo anteriormente exposto,

DISPOÑO:

1. Facer pública a composición da nova Comisión de Selección para a praza 23/5006 dacordo co artigo 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de goberno do 30 de abril do 2014):

Código Seguro De Verificación	R0fceyCsS6KrkdZCgzYXLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	26/10/2023 14:23:07
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/R0fceyCsS6KrkdZCgzYXLw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Comisión Titular Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Sánchez Molina, José Andrés	Prof. Titular de Universidade	245	Presidente
González Valeiro, Miguel Ángel	Prof. Titular de Universidade	245	Secretaria
Gómez Varela, Joaquín Fernando	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 1º
Iglesias Soler, Eliseo	Prof. Titular de Universidade	245	Vogal 2º
Del Castillo Obeso, María	Profesor/a no INEF de Galicia	245	Vogal 3º
Arias Rodríguez, Pablo	Prof. Titular de Universidade	245	Repr. dos traballadores

2. Publicar no TEO da UDC.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O reitor

P.D. (R.R. 14-01-2020)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	R0fceyCsS6KrkDZCgzYXLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	26/10/2023 14:23:07
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/R0fceyCsS6KrkDZCgzYXLw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

